

Mónica de nut

INFLUENCIAS NA MIÑA INFORMACIÓN POR MOR DO XÉNERO



XORNADA MERCEDES GOICOA: MÚSICAS PARA VIVIR

INFLUENCIAS NA MIÑA INFORMACIÓN POR MOR DO XÉNERO

Mónica de nut.

Cantora, actriz, música e mestra de música infantil

Notas das reflexións personais que poden non ter sentido para outras persoas (de científico teñen pouco...)

Os 11 anos pedíronnos no colexio, daquela estaba a estudar EXB, que escolleramos entre un traballo de manualidades ou de mecánica. Sen dubidalo preferín manualidades porque sempre me sentín atraída pola estética e a creación; a beleza en xeral. Elaborei un taboleiro de axedrez rascando nun espello e fíxenlle un marco de madeira. Quedei ben orgullosa do meu traballo ata que chegou a revisión do mestre: moi bonito, pero serías quen de facer un motor como fan os nenos?. Non entendín esa pregunta pero sentín que o meu traballo non era suficiente, non era valioso, que era de nenas, que o dos nenos valía máis. Contestei que si, que claro que sería capaz, supoño que por non ser menos... pero quedei confusa...

No momento de empezar coa elaboración desta pequena charla sobre a influencia na miña formación por mor de xénero, víuseme a cabeza esta vivencia. Reflexionei sobre ela e sigo a facer. Paréceme o resumo de todo; como decía Rosalía de Castro na introducción do seu libro *La hija del mar: dado o primeiro paso os demais son fillos del*.

Posteriormente houbo momentos similares a este e seguro que anteriores tamén, aínda que non os lembre.

Deste xeito fun creando a miña escala de valores e roles de xénero.

Deste xeito empecei a interaccionar máis cos nenos e participar das súas actividades supostamente masculinas, máis *interesantes* e valoradas socialmente.

Deste xeito empecei a rexeitar as actividades supostamente femininas.

Pregúntome por que me acheguei a música xa de nena, por que escollín o piano como primeiro instrumento aínda que logo, os 20 anos, decanteime (nunca mellor dito) polo canto;

Meu irmán maior traballaba profesionalmente de músico. Era baixista. Grazas a el, na casa escoitaba música de todos os estilos constantemente. Quixen seguir os seus pasos. Fascinábame a música e máis el, a figura masculina máis cercana, xa que o meu pai ausentábase a maior parte do tempo; estaba embarcado. O que facía miña nai, ama de casa a cargo de tres fillos, non tiña interese para min... que burrada! Penso agora...

Un día escoitei un piano e quedei namorada. Terqueei ata conseguir que me levaran a aulas de música aos 11 anos. Tiven que terquear moito máis para conseguir un piano de verdade, teclado noooooooooon!!! Pianoooooooooo!!!! Pianoooooooooo!!!. Conseguín un piano aos dezaseis anos despois de atopar un coche coa miña bici saltándome un semáforo; magoeime e o seguro, a pesar de ter tido eu a culpa, pagoume os días de baixa que me correspondía. Alá foi o pagamento de medio piano. Miña nai, xestora da casa, non puido negarse a aportar a outra metade... pero ela non entendía nada; gastar tanto nun instrumento!!! como non o toques véndoo!!!

Toquei, toque moito. Fun a aulas de piano clásico para poder matricularme no conservatorio público e non ter que pagar. Pero no conservatorio non había prazas suficientes... despois de catro anos estudando pola miña conta, fartei de exames e de reproducir partituras, moitas delas aburridísimas. Desenvolvín medo escénico, iso si, e non fun quen de tocar o piano diante de xente ata fai pouco; estreeime como pianista traballando no último disco de Mercedes Peón fai uns meses.

Meu irmán maior deixou de ser músico para ser comercial. Sentínme abandonada... Que fago? Pois máxisterio musical para seguir con algo relacionado coa música e poder sacar unha oposición polo menos! Diplomeime.

Nun curso de musicoterapia descubrín que ó meu non era nin o de ser mestra nin o piano; tiña unha necesidade imperiosa de cantar, de sacar a miña voz, o meu son, unha necesidade de sanación ou simplemente de expresión ou ámbalas dúas.

Pero vaste gañar a vida como música? Peor; como cantante? (non lembro que ao meu irmán lle preguntaran tal; pensei que **a eles se lles consinte máis e se lles xuzga menos**).

O pouco fixen a proba de acceso ao conservatorio público para non pagar as aulas (son moi caras, sobre todo as de canto) e tiven que preparar repertorio clásico. *Pero por que che deu por cantar ópera agora?*

Traballei na hostelería e uns anos máis tarde dando aulas de técnica vocal. Independiceime. Sempre me gañei a vida e non tiven que pedir cartos a ninguén. **Pódese, claro que se pode!** E fun a aulas de canto tradicional e canto moderno; quería sacar a miña voz e experimentar todos os seus rexistros, con micro, a capella, xogando con efectos electrónicos...

Licencieime en Canto lírico na escola Superior de Canto de Madrid. Sen querer fun mergullando nas facetas escénicas do teatro, do musical, da ópera. Sen pensalo fun expoñendo a miña imaxe nos escenarios. E non tardaron en preguntarme: *Non te maquillas? Non deixas melena?* Persintín co meu look transxénero de pelo curto, chandal ou vaqueiros. *Ti fas moito deporte, non? E sabes andar en tacóns?*

Insistín en non clasificarme nin polo xénero musical nin polo meu propio xénero...

Pero agora decátome que sí o facía e posiblemente sigo a facelo (levo uns anos a sentir que estou vivindo unha etapa de transición nese sentido). Decátome que adoitaba mostrarme como os homes, despreciando os roles femininos, para gañar en valía, supoño. E eu funme rodeando de bos músicos que me asesoraban, acompañaban e eu... delegaba neles. Eles sabían mellor como hai que facer... para que? Onde estaba a quedar esa necesidade de expresión, de sanación, de beleza... de arte? **A inseguridade leva a dictadura da búsqueda de aceptación, de querer gustar a toda costa...**

Adentrándome no mundo do teatro entendín o sentido da maquillaxe, o vestiario, as ventaxes de ter melena (sempre se pode recurrir as perrucas jajaja) e tamén a necesidade de adaptarse a todo tipo de calzados e andares para as diferentes personaxes. A vida é puro teatro e o teatro é as veces máis real que a vida mesma...

A sensualidade, a sexualidade... pero **non ser obxecto; son suxeita! Non busco gustar, busco mostrarme.** A xente valora a valentía de ser sen remedio, guste ou non este feito é un gran valor para quen o ve e para quen o experimenta.

Rompeuse a ilusión do xogo do xénero, dos gustos, dos dominios, das xerarquías.

Que liberación!!!

A creación libre!!!

Ese é o camiño...

A sociedade ha de seguir ese camiño irremediabilmente. Mentres, toca manter a calma e a paciencia porque non a sociedade non está preparada aínda.

Deixar de facer.

Deixar de impor.

Deixar de resistir.

Simplemente fluír así como son.

No meu primeiro disco escribía:

Habiámonos de felicitar pola nosa resistencia

Era outra etapa, outro momento, outra idade, outra enerxía. Daquela dicía non non non non non...

Dos fios invisibles chegan as cores

Ese foi o título do meu segundo disco, o que presaxiaba o cambio de deixarse fluír pola intuición e a sensibilidade sutil do máis profundo. E así chegou o terceiro disco:

Raíces Aéreas

Os tres con colaboracións masculinas.

Agora estou no si si si si si e deixo atrás o non. Agora deixo espazo a non creación, a recreación, coa filla que non quería ter. Agora estou reconciliándome co feminino, coa muller que son e coas mulleres que antes non quería tratar demasiado. Por iso, precisamente, e sen forzar, chegan os traballos creativos con mulleres, o coidado, o respecto, o delicado, o compartir, o estético, a beleza:

Voz Soa, eu mesma en solitario

Nimiedades, con Helen Bertels e dirixida por Marta Pérez

Deixaas, con Mercedes Peón e Ana Fernández

Espacio Simia, dirixido por Mónica Flynn, onde dou aulas de técnica vocal

E máis proxectos con mulleres e de mulleres que van ir aflorando

E todo vai ao seu lugar lentamente.

Normal que os masculinos se remexan... nos remexemos todas...

Grazas aos masculinos estamos a aprender o valor do feminino.

O masculino entón atopará o seu verdadeiro valor sen necesidade de someter.

A convivencia de ámbalas dúas enerxías é básica, xa sabían os antigos; yin e yang, branco e negro como o taboleiro de axedrez, mira ti!

Non me adico a esto polo diñeiro; de ser así cambiaríame a comercial como meu irmán, ou banqueira, ou eu que sei!

Diñeiro: medida de valor na sociedade actual. Se o meu traballo se paga ten valor. Se non é remunerado non ten valor. Verdade totalmente falsa. O máis importante non pode pagarse; a vida, o amor... valores tradicionalmente femininos. Poñer en valor a creación artística, a inspiración, o sentido... que raro... entro na fase de reestructuración do sentido da miña música, do meu traballo, do meu son, do para que...

Simplemente cantar, sacar a voz, o son propio, sanación, disfrute, sentido da vida... e da morte.

E o racional, o mentalmente entendible non chega e precisamos da intuición, feminina?

Sobran as palabras.

Agora entro no meu lugar favorito, onde son máis libre, onde perdo o sentido do tempo e do espazo e de calquera tipo de xuízo;

E xa que me *dades trela*, vou deixarme levar polo meu son porque é a mellor maneira de mostrarme xenerosa e máis alá dos xéneros:

CANTO...